



O COMPROMISO DO DEPORTE LOCAL COA LINGUA PROPIA

Somos clubs, deportistas, adestradoras e adestradores, árbitros e árbitras, familias, seareiros e seareiras de Santiago de Compostela.

Adestramos, xogamos, animamos e vivimos o deporte con paixón.

Pensemos como pensemos, sexamos de onde sexamos, xoguemos ao que xoguemos, hai algo que nos une: a lingua galega.

Por iso, comprometémonos a:

1. O GALEGO ENTRA EN XOGO

Preocúpanos o descenso de uso da lingua e non queremos que o galego quede fóra de xogo, por iso animamos a todas as persoas que forman parte do noso deporte —deportistas, persoal técnico, familias— a falalo con naturalidade mentres corren, saltan, xogan, animan e celebran.

2. DESDE O MINUTO 0

Usámolo nos adestramentos, nas reunións, nas redes sociais, nas comunicacións cos medios, na animación (tamén na musical) e nos eventos. O galego pode e debe estar en todas as partes: no vestiario, na pista, no campo, no vaso, no taboleiro e nas bancadas.

3. MARCAMOS O CAMIÑO

No deporte, os valores transmitense con feitos. Se nós usamos o galego, como referentes estamos dicíndolle á xente nova que é unha lingua moderna, dinámica e útil. Máis rápido, máis forte, máis lonxe e en galego. Todos e todas xuntas, con forza e con afouteza!

Contraemos este compromiso porque cremos nun deporte con lingua propia. Porque o galego tamén xoga, adestra, marca, para, corre, puntúa e gaña. E queremos velo en forma, dentro e fóra da pista.

